

Forno da aldea de Couso / Antigo forno comunal

060095

Datos de Localización

Forno

Nomenclator: 3207804
Coord. UTM: X: 61823280
Y: 466277531
Concello: Sarreaus
Parroquia: FREIXO
Lugar: Couso
Tipoloxía: Arquitectura Civil
Tipo: Construcións de Transformación
Subtipo: Forno



Denominación: Forno da aldea de Couso / Antigo forno comunal

Etaapa Histórica: Idade Contemporánea

Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Edificio de planta rectangular, cimentado nun afloramento rochoso. Está levantado con cachotería de xisto en seco e presenta cuberta a dúas augas con armazón de madeira e tella curva. Os vanos están enmarcados con granito. No interior, o vaso do forno está adosado ao esquinale esquerdo e presenta o frontal recto, de perpiaño de granito, con lareira e chapilé sobre canzorros, sendo o resto da construción de xisto. Destaca no frontal do vaso do forno un rebaixe realizado nos perpiaños que vai dende a boca ata o chapilé. Á esquerda da porta de entrada existe un tendal realizado cunha grande lousa de xisto. O acceso ao interior do forno realízase por unhas escaleiras que tamén permiten a entrada a un edificio contiguo e que están cubertas pola prolongación dos tellados de ambas as dúas construcións.

Esta construción era o antigo forno comunal dos veciños de Couso.

Características Construtivas

Plantas: Baixa

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Xisto

Mat. Estrutura: Xisto e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección:

Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar

Proposta de tipo de ben: Inventariado

Estado de Tramitación:

Nivel de Protección Arq.: Sen protección

Proposta Nivel de Protección Arq. Estrutural

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Transformación de produtos

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Construción de chemineas de ladrillo.

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Rehabilitado xunto co resto da aldea por D. José María Galán.

Bens Mobles









